

## **POLÍTICA DE CALIDADE E MEDIO AMBIENTE DO CONCELLO DE FOZ**

*Có fin de lograr a satisfacción de todos aqueles que visitan as praias do noso concello, ofrecemos uns servizos de calidade e tratamos de mellorar o noso comportamento ambiental, para asegurar un ecosistema protexido e cun elevado valor natural, previndo o deterioro das praias.*

*Para eso, o concello de Foz ten implantado un sistema integrado de xestión, de calidade e medio ambiente, baseado en normas internacionais de referencia:*

- *A praia A Rapadoira, atópase certificada conforme á Norma UNE-ISO 13009:2016 Requisitos e Recomendacións para a Xestión de Praias "Sistema de Xestión para praias".*

*O Concello ten un claro compromiso de mellora continua e de prevención da contaminación das praias. Este Concello comprométese a establecer os medios técnicos e económicos necesarios para frear a contaminación e previr na orixe, así como, previr e eliminar na medida do posible, calquera impacto que poida causarse sobre o medio como consecuencia das súas actividades, eliminar calquera risco hixiénico-sanitario que poida surxir polo uso e disfrute da praia. Neste contexto, defínese no 2020 un Plan de Continxencia fronte a Covid-19, para a implantación de medidas que garantan a seguridade dos usuarios das praias.*

*Garante, á súa vez, un seguimento de todas aquelas actividades que se realicen no litoral establecendo mecanismos de mellora continua, en colaboración con todos os sectores do municipio, asegurando a evolución tanto na calidade ambiental do medio coma nos servizos prestados.*

*No desenvolvemento de todas aquelas actividades que se realicen nas praias incluídas dentro do alcance do sistema de xestión da calidade e o medio ambiente o Concello comprométese a establecer iniciativas que aseguren o cumprimento das leis e regulamentos, ó mesmo tempo que as esixencias dos usuarios, outros requisitos aplicables ás actividades que se desenvolven na praia ou calquera outro requisito que a nosa organización suscriba relacionado cos aspectos ambientais que poidan interactuar co medio ambiente. Por outra banda, tamén se terá en conta a influencia doutras administracións, organismos e entidades con competencias na xestión integral das praias.*

*Temos un claro compromiso coa xestión racional dos recursos naturais, procurando a minimización de residuos, vertidos e emisións. Así mesmo tamén existe por parte deste Concello un forte compromiso pola conservación do conxunto do ecosistema natural e flora e fauna asociados. Dende o Concello establécese un compromiso de prevención fronte a corrección polo que se avalían por anticipado as repercusións potenciais sobre o medio ambiente de todas as nosas actividades e servizos desempeñados, adoptando as medidas preventivas necesarias para minimizar ou eliminar o seu impacto.*

*O Concello de Foz, pretende promover a participación de todo o persoal e usuarios na protección e mellora do litoral, mediante mecanismos de formación e sensibilización, incidindo na comunicación a todos os niveis.*

*Esta política serve de marco de referencia para definir e avaliar periodicamente obxectivos de calidade e medio ambiente nas nosas praias co obxecto de impulsar a mellora continua nestas.*

*Esta Política é comunicada a todas as persoas da organización ou que traballan no noso nome, incluíndo a todos os contratistas que traballan nas nosas praias. Así mesmo esta Política estará a disposición do público.*

*O litoral é un ben común, é por iso que dende o Concello queremos facer partícipes a todos os usuarios das praias, así como a todos aqueles que realizan as súas actividades nelas, do presente proxecto, promovendo a súa colaboración, e buscando a satisfacción de todos aqueles que dun modo ou doutro gozan das praias de Foz.*

Foz, a 30 de xuño de 2022

Alcalde do Excmo. Concello de Foz